



Facultade de
Ciencias da Educación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DOCUMENTO MARCO DO PRÁCTICUM

GRAO EN LOGOPEDIA

Índice

1. Presentación: o marco normativo e curricular	3
1.1. Marco normativo xeral	3
1.2. Marco normativo específico	3
2. Natureza e características do Prácticum	3
3. Obxectivos do Prácticum.....	4
4. Participantes e as súas funcións	4
4.1. Comisión de Titulación de Logopedia.....	4
4.2. Vicedecanato de xestión do Prácticum	5
4.3. Administración.....	5
4.4. Titor/a académico/a	6
4.5. Titor/a do centro de prácticas	6
4.6. Alumnado en prácticas	7
5. Procedemento de xestión do Prácticum	7
6. Asignación do estudantado.....	8
6.1. Criterios de asignación dos centros de prácticas	8
6.2. Documentación previa para poder cursar o Prácticum.....	9
7. Procedemento de avaliación	9
Normativa	12
Ligazóns electrónicas de interese	12

1. Presentación: o marco normativo e curricular

Este documento marco responde a dous obxectivos fundamentais que afectan ao Prácticum do Grao en Logopedia en termos de xestión, deseño e desenvolvemento:

- a) Establecer as bases e normas que rexerán na definición, adxudicación, presentación, cualificación e tramitación administrativa do Prácticum que se realizar no Grao en Logopedia da Facultade de Ciencias da Educación, de acordo co Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018 e o 4 de xuño de 2019 (en diante, Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC).
- b) Recoller e desenvolver as orientacións académicas e curriculares básicas necesarias para guiar o traballo do alumnado, tanto na titorización da Facultade como na do centro de prácticas, de acordo co establecido pola Comisión de Titulación de Logopedia.

Sen prexuízo das posibles particularidades que o título de grao establecer para o Prácticum, a planificación e a avaliación das materias Prácticum I e Prácticum II responden ao establecido no marco normativo que a seguir se indica.

1.1. Marco normativo xeral

- a) Real decreto 13/93/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, do 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo (BOE n.º 161, do 3 de xullo de 2010).
- b) Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, do 31 de decembro de 2010).
- c) Orde CIN/726/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de logopeda (BOE n.º 73, do 26 de marzo de 2009).
- d) Directrices para a elaboración de proposta de títulos de grao na UDC, aprobadas no Consello de Goberno do 3 de abril de 2008.

1.2. Marco normativo específico

- a) Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE n.º 184, do 30 de xullo de 2014).
- b) Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC.
- c) O marco curricular en que se sustenta este documento, é que á súa vez contribúe a completar o seu contido, é a guía docente das materias Prácticum I e Prácticum II do Grao en Logopedia.

2. Natureza e características do Prácticum

No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordados cos requirimentos do espazo europeo de educación superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Boloña. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: «As ensinanzas de grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional» (art. 9.1 do

Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais). Xa que logo, considérase a posibilidade de establecer prácticas externas que virían «reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación [...] que lles proporcionará [...] un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitarán no futuro» (preámbulo do mesmo texto legal).

O propósito central do Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora de investigar, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase, daquela, de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía e potencie a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.

Doutra parte, o/a estudante debe poder realizar o Prácticum no número de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece, que para o Grao en Logopedia son os seguintes:

- a) Prácticum I: 9 ECTS
- b) Prácticum II: 20 ECTS

A planificación do ensino estará recollida na guía docente da materia correspondente.

3. Obxectivos do Prácticum

A realización de prácticas académicas externas debe servir para acadar os seguintes obxectivos¹:

- a) Contribuír á formación integral do alumnado e complementar a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar que o alumnado obteña unha experiencia práctica que favoreza a súa inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade.
- c) Favorecer no alumnado a adquisición dos valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

4. Participantes e as súas funcións

4.1. Comisión de Titulación de Logopedia

Serán funcións da Comisión de Titulación de Logopedia:

- a) Garantir a xestión de todo o proceso relativo ao Prácticum do Grao en Logopedia e asegurar a aplicación do regulamento correspondente.
- b) Supervisar que se cumpran as condicións establecidas na normativa recollida no apartado primeiro.
- c) Velar por que a estada nos entidades de Prácticum e a presentación dos traballos vinculados a esta, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, posibiliten que o/a estudante as leve a cabo no número de horas equivalentes aos créditos

¹ Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC.

ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece.

- d) Establecer a forma en que se procederá a asignar os centros de prácticas, segundo o número de alumnos/as matriculados/as e as prazas ofertadas para efectuar as prácticas.
- e) Elaborar, ou de ser o caso modificar, o plan do Prácticum da titulación, así como o sistema de avaliación.
- f) Resolver as cuestións que xurdiren durante o proceso de realización e avaliación do Prácticum.
- g) Cantas outras sexan oportunas ou necesarias para o desenvolvemento do Prácticum da titulación.

4.2. Vicedecanato de xestión do Prácticum

Son funcións do vicedecanato que se ocupe da xestión das prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Ciencias da Educación estas:

- a) Organizar as actuacións necesarias cos/coas coordinadores/as das titulacións e os departamentos da Facultade.
- b) Xestionar o procedemento de distribución do alumnado para efectuar as prácticas nos centros colaboradores.
- c) Establecer a comunicación precisa cos centros colaboradores para a oferta das prácticas e a asignación do alumnado.
- d) Procurar convenios de prácticas coas entidades ou os centros que sexa preciso.
- e) Coordinar as tarefas de planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación do Prácticum das titulacións de grao da Facultade, así como as posibles incidencias que poidan xurdir neste proceso.
- f) Coordinar co profesorado titor da Facultade a asignación de alumnado, o seu seguimento e a súa avaliación.
- g) Coordinar as xornadas de orientación e os eventos vinculados ao Prácticum.
- h) Convocar, seguindo as instrucións do/a decano/a, a comisión de titulación correspondente para xestionar e resolver as posibles incidencias do Prácticum, tanto de carácter xeral como específicas.
- i) Asinar as actas do Prácticum.

4.3. Administración

Son funcións da Administración da Facultade as seguintes:

- a) Garantir que o alumnado matriculado cumpre os prerequisites necesarios para cursar o Prácticum.
- b) Xestionar as listaxes do alumnado para contar coa información precisa na aplicación co fin de que este escolla centro de prácticas.
- c) Facer un seguimento da avaliación do Prácticum co fin de que os/as titores/as tanto do centro de prácticas como da Facultade de Ciencias da Educación faciliten a documentación precisa en tempo e forma.
- d) Elaborar e remitir os certificados dos/as titores/as dos centros colaboradores.

4.4. Titor/a académico/a

Son funcións de cada titor/a da Facultade de Ciencias da Educación¹:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo e garantir a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/coa titor/a da entidade colaboradora.
- c) Autorizar, logo da comunicación ao centro e co seu visto e praxe, no caso das prácticas curriculares, as modificacións que se poidan propoñer no proxecto formativo.
- d) Realizar a avaliación das prácticas do/a alumno/a titorizado/a segundo o proceso que se estableza na normativa da titulación.
- e) Gardar antes, durante e despois das prácticas a confidencialidade debida en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- f) Informar o órgano responsable das prácticas externas das posibles incidencias que xurdan.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición de recursos de apoio para asegurar que o alumnado con discapacidade leve a cabo as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- h) Propoñer a rescisión das prácticas, logo de presentar por escrito unha xustificación razoada.
- i) Avaliar, de ser o caso, e propoñer unha cualificación para o período de prácticas curriculares.

4.5. Titor/a do centro de prácticas

O exercicio da función de titorización de estudantes de prácticas por parte dos centros colaboradores¹ comportará os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade da Coruña nos termos previstos na normativa de aplicación.
- b) A ser informado/a da normativa que regula as prácticas externas, do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A ter acceso á Universidade da Coruña para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os deberes asignados á titorización do alumnado en prácticas son estes:

- a) Acoller o alumnado, organizar e orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo. No caso destas prácticas seguindo o establecido na guía docente e os documentos vinculados a ela.
- b) Informar o alumnado da organización e o funcionamento da entidade, así como da normativa de interese relativa á seguridade e aos riscos laborais que rexa nela.
- c) Coordinar co/coa titor/a académico/a da Universidade da Coruña o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo, incluídas aquelas modificacións do plan que puidesen ser necesarias.
- d) Emitir o informe e a enquisa final das prácticas de cada estudante, segundo o procedemento e o modelo establecido pola Universidade da Coruña a que terá acceso o alumnado.

- e) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para efectuar as prácticas, incluída a relativa ás normas internas de seguridade e prevención de riscos laborais e comúns.
- f) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
- g) Gardar antes, durante e despois das prácticas a confidencialidade debida en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor/a. Non poderá transmitir os ditos datos a terceiros.

4.6. Alumnado en prácticas

O alumnado en prácticas¹ terá as seguintes tarefas e/ou obrigas:

- a) Cumprir coa normativa de prácticas externas da Universidade da Coruña.
- b) Coñecer o proxecto formativo de prácticas e cumprir con el seguindo as indicacións do/a titor/a asignado/a pola entidade colaboradora baixo a supervisión do/a titor/a académico/a da Facultade de Ciencias da Educación.
- c) Manter o contacto co/a titor/a académico/a e comunicarlle calquera incidencia que puidese xurdir.
- d) Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais desta.
- e) Elaborar a memoria e facer os informes pertinentes segundo o modelo que se estipule e nos prazos que se establezan.
- f) Gardar a confidencialidade debida en relación coa información interna da entidade colaboradora a que teña acceso e gardar o segredo profesional sobre as súas actividades durante a estadía e finalizada esta. Non poderá facer uso dos datos manexados antes, durante nin despois das prácticas, agás autorización expresa por parte da entidade colaboradora, e non poderá llelos transmitir a terceiros.

A este respecto, aplicarase a Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde (BOE n.º 31, do 6 de febreiro de 2017).

5. Procedemento de xestión do Prácticum

- a) Para formalizar a matrícula do Prácticum I no Grao en Logopedia será preciso cumprir o seguinte prerequisite: ter superados 100 créditos.
- b) Para formalizar a matrícula do Prácticum II no Grao en Logopedia será preciso cumprir os seguintes prerequisites: ter superados 140 créditos e o Prácticum I.

A matrícula na materia é condición indispensable para poder realizar as prácticas.

Aquel alumnado que preveña cumprir este requisito despois da asignación dos centros de prácticas debe contactar co vicedecanato correspondente no mes anterior ao inicio das prácticas como data límite. Para isto deberá enviar mediante correo electrónico ou instancia un escrito en que se recolla a súa intención de cursar a materia e matricularse nela.

6. Asignación do estudiantado

No Prácticum I asignaráselle ao alumnado un/unha logopeda que o supervisará no transcurso das prácticas.

A Facultade de Ciencias da Educación enviará ás entidades colaboradoras unha solicitude para acolleren o alumnado do Prácticum II. Terán unha data límite para poder realizar a súa oferta mediante a aplicación deseñada para tal efecto.

A oferta dos centros de prácticas correspondentes ao Prácticum II publicarase nunha listaxe provisional creada para o efecto. Posteriormente publicarase a listaxe definitiva. Os prazos de solicitude de centro de prácticas para o Prácticum II poderán consultarse no Moodle correspondente.

Poderá solicitarse a procura dunha entidade alternativa ás ofertadas. No caso de que se opte por un centro alternativo, non se poderán escoller prazas da listaxe oficial. O alumnado seguirá as instrucións enviadas ao seu enderezo de correo electrónico institucional para poder indicar as súas preferencias.

O alumnado que queira optar por unha entidade alternativa das ofertadas terá que cubrir o formulario dispoñible na aplicación informática do Prácticum, para o cal deberá premer en «Procura de centro alternativo», amais de xustificar a súa solicitude.

Para poder participar como entidade colaboradora cómpre que o centro alternativo ofrezca a supervisión e a titorización dun/dunha logopeda.

En caso de que non se materialice o convenio co centro alternativo, o alumnado só poderá optar ás prazas ofertadas que queden libres.

Unha vez rematado o proceso de asignación de logopedas no caso do Prácticum I e de asignación de entidades no caso do Prácticum II, publicarase a listaxe provisional correspondente. Posteriormente, ás listaxes definitivas de asignacións incorporaranse os/as titores/as da Facultade, xunto co lugar e a hora da primeira titoría que efectuarán.

Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización das materias, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o Prácticum I ou II nela debe notificalo ao vicedecanato correspondente un mes antes do inicio das prácticas, co fin de que se lle faciliten as indicacións oportunas.

O alumnado que por motivos xustificadas non poida elixir entidade nas datas establecidas só poderá seleccionar as prazas ofertadas que queden libres.

6.1. Criterios de asignación dos centros de prácticas

Os criterios establecidos para elixir centro de prácticas son os seguintes:

- a) O alumnado con discapacidade terá prioridade na elección e adxudicación de prazas².
- b) A asignación realizarase de acordo coa nota media do expediente académico. Terase en conta a nota do expediente no momento de escoller os centros.

O alumnado fará a súa estada de prácticas no centro sinalado. Só con carácter excepcional e en casos xustificadas, logo de achegar a documentación acreditativa correspondente, poderá solicitar un cambio de centro.

No caso de que haxa cuestións éticas controvertidas na asignación do centro ou de titor/a, poderánselle realizar as consultas oportunas ao [Comité de Ética da Universidade da Coruña](#).

² Artigo 17, sobre a oferta, difusión e adxudicación de prácticas externas, do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

6.2. Documentación previa para poder cursar o Prácticum

Co fin de poder desenvolver as prácticas é preciso aceptar na aplicación o compromiso de confidencialidade, así como recoller a documentación esixida segundo as particularidades do centro ou eido.

Concretamente aplicarase a xa citada Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde, polo que será preciso subir á aplicación o protocolo do Anexo I de confidencialidade destinado ao alumnado.

Todo o alumnado que vaia desenvolver as súas prácticas con nenos/as na infancia debe presentar previamente un certificado de delitos de natureza sexual, cunha antigüidade máxima do ano en curso. Se o centro requirise un documento máis recente, o/a estudante estaría obrigado/a a presentalo para facer as súas prácticas nel.

Así, deberá incluílo nunha pestana creada para tal efecto na aplicación do Prácticum, amais de cubrir co/coa titor/a profesional o proxecto formativo dispoñible na aplicación.

7. Procedemento de avaliación

a) A cualificación

A cualificación final outorgarase de acordo coa escala numérica establecida no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE n.º 224, do 18 de setembro de 2003), do 0 ao 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa segundo o estableceren os formularios de avaliación deseñados:

- 0-4,9 suspenso
- 5,0-6,9 aprobado
- 7,0-8,9 notable
- 9,0-10 sobresaliente

De acordo co art. 21 do texto consolidado das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudantes de grao e mestrado, aprobadas no Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, «a mención de “Matrícula de Honra” poderá ser concedida a alumnos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9.0».

Para obter matrícula de honra será preciso contar coa proposta e un informe que apoie a dita proposta do/a titor/a académico/a, de acordo coas datas establecidas no calendario oficial do Prácticum.

Posteriormente, a Comisión de Titulación de Logopedia decidirá a asignación das matrículas de honra, tendo en conta como criterio a nota media do expediente no momento en que se reúna.

b) Elementos e responsables da avaliación

b.1) Prácticum I

- Prácticas clínicas: avaliaraas o persoal logopeda contratado.

Farase unha valoración das capacidades profesionais de cada alumno/a, na cal se terá en conta a súa capacidade de traballo en equipo, de resolver problemas, de aplicar

coñecementos, de adaptarse ao/á paciente e de comunicación co/coa paciente e coa familia deste/a. Así mesmo, avaliarase a participación activa do alumnado nas actividades que se lle formulen e a súa actitude. En total, este elemento da avaliación suporá un 60% da cualificación.

– Portafolios: avaliarao o profesorado titor da Facultade. O portafolios terá un peso do 40% na cualificación final.

b.2) Prácticum II

– O/a titor/a da institución colaboradora avaliará a implicación e a actuación do alumnado no centro aula. Esta valoración terá un peso do 40% na cualificación final.

– O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios e nos eventos científicos e divulgativos que teñan lugar³, cun peso do 10% respectivamente na cualificación final, e o contido do portafolios, cun peso do 40%.

A revisión da nota final do Prácticum I ou II e os distintos elementos que a compoñen terá lugar sempre co/coa titor/a académico/a. Levarase a cabo antes do envío final das cualificacións, de acordo coas datas establecidas no calendario oficial.

O alumnado poderá revisar a cualificación do/a titor/a académico/a e consultarlle ao titor/a académico a cualificación correspondente ao centro en que fixese as prácticas. No caso de que presente unha reclamación respecto da cualificación deste/a último/a, o vicedecanato correspondente solicitaralle un informe complementario e xustificativo ao/á titor/a do centro colaborador e convocarase a Comisión Académica co fin de resolver a dita incidencia.

Os criterios de avaliación están recollidos na guía docente da materia correspondente.

c) Observacións relativas á avaliación

c.1) Prácticum I

– Requisitos para superar a materia

1. Para aprobar a materia será necesario superar cada un dos elementos da avaliación: portafolios e prácticas clínicas.
2. O alumnado que suspenda as prácticas clínicas non superará a materia nese curso académico.
3. Para a segunda oportunidade de avaliación (xullo), consideraranse válidas as cualificacións das actividades que fosen superadas na primeira oportunidade.
4. A cualificación final será a media ponderada das puntuacións obtidas en cada unha das epígrafes. No caso de non superar a materia, a cualificación será a correspondente á parte non superada.

c.2) Prácticum II

– Procedemento de avaliación

Para emitir a cualificación final desta materia, os/as titores/as académicos/as terán en conta os catro elementos recollidos na avaliación: seminarios, portafolios, valoración das prácticas clínicas realizada polo/a titor/a da institución colaboradora e a asistencia aos eventos científicos e seminarios que tivesen lugar.

³ A asistencia aos seminarios e aos eventos científicos e/ou divulgativos que poidan ter lugar será condición necesaria para poder ser avaliado/a neste apartado por parte do/a titor/a académico/a.

– **Requisitos para superar a materia**

Para aprobar a materia será necesario superar as prácticas clínicas e o portafolios.

– **Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):**

1. As prácticas clínicas non poden recuperarse, polo que un informe desfavorable na oportunidade de xuño implicará non superar a materia.
2. Os seminarios e os eventos científicos non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida neles na oportunidade de xuño se manterá para a oportunidade de xullo.
3. O portafolios pode recuperarse: o alumnado que non o supere na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo. Conservará sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

– **Cualificacións**

1. Non realizar as prácticas clínicas estando matriculado/a na materia comportará obter un non presentado/a.
2. Non presentar o portafolios tendo as prácticas clínicas superadas supórá obter a cualificación máxima de 4.

d) Validez da nota da estadía en prácticas

Se só se aproba a estadía no centro de prácticas ou a saída de campo, a nota conservarase unicamente no curso académico en que se realizasen. No seguinte curso, o/a alumno/a terá que matricularse novamente e facer a estadía ou a saída de campo ao centro.

Normativa

Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde (BOE n.º 31, do 6 de febreiro de 2017).

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2017-1200

Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE n.º 184, do 30 de xullo de 2014).

https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2014/07/30/pdfs/BOE-A-2014-8138-G.pdf

Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC.

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2019/004866/document?logicalId=e6293e9c-6be5-4a00-97ac-7bfb41c591f1&documentCsv=V1PQ2TDIUMG27CBHRAC63G4Q

Ligazóns electrónicas de interese

Aplicación do Prácticum (só centros e alumnado, o profesorado accede pola intranet):

<http://www.educacion.udc.es/app-Prácticum/>

Consulta de convenios:

<http://bdi.udc.es/pubsivi/PUB/CC/consulta.html>

Normativa e modelo de convenio:

<https://www.udc.es/gl/practicasesexternas/>

Modelo de proxecto formativo:

<https://www.udc.es/gl/practicasesexternas/formularios/>

Plan de estudos da titulación, en que se poden consultar as guías docentes:

https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=652&ensenyament=652G03&consulta=assignatures&any_academic=2018_19

Repositorio de documentación relativa tanto ao Prácticum I e ao Prácticum II:

<http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=repositorio-Prácticum>

Documentación necesaria para obter o certificado de delitos de natureza sexual:

<https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/gl/tramites/resuelva-dudas11>

Anexo I

Compromiso de confidencialidade do alumnado conforme á Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde.

ANEXO I

Protocolo*Compromiso de confidencialidad destinado a alumnos*

D.
con DNI/NIF/NIE tiene la condición de personal en formación en régimen de
alumnado en el Centro Sanitario como:

● Alumno universitario de Grado:

- | | | | |
|--|---|---|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Medicina | <input type="checkbox"/> Farmacia | <input type="checkbox"/> Odontología | <input type="checkbox"/> Enfermería |
| <input type="checkbox"/> Fisioterapia | <input type="checkbox"/> Terapia Ocupacional | <input type="checkbox"/> Logopedia | <input type="checkbox"/> Podología |
| <input type="checkbox"/> Óptica-optometría | <input type="checkbox"/> Dietista-nutricionista | <input type="checkbox"/> Otros titulados universitarios | |

● Estudiantes universitarios de post-grado/investigadores:

- | | | | |
|---------------------------------|------------------------------------|--|---------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Master | <input type="checkbox"/> Doctorado | <input type="checkbox"/> Título propio | <input type="checkbox"/> Investigador |
|---------------------------------|------------------------------------|--|---------------------------------------|

● Estudiantes de formación profesional de la familia sanitaria:

- Técnico de grado medio en:
- Técnico de grado superior en:

Declara que,

1. Reconoce que los pacientes tienen derecho al respeto de su personalidad, dignidad humana e intimidad y a la confidencialidad de toda la información relacionada con su proceso.
2. También reconoce que los pacientes tienen derecho a que se respete el carácter confidencial de los datos referentes a su salud, y a que nadie pueda acceder a ellos sin previa autorización.
3. De acuerdo con el artículo 10 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, reconoce que tiene el deber de mantener secreto respecto a la información a la que acceda en el desarrollo de su actividad, comprometiéndose a prestar el máximo cuidado y confidencialidad en el manejo y custodia de cualquier información/documentación durante su periodo formativo y una vez concluido el mismo.
4. Reconoce que no procede transferir, duplicar o reproducir todo o parte de la información a la que tenga acceso con motivo de su actividad en el Centro, no pudiendo utilizar los datos proporcionados por el mismo para finalidades distintas a la formación, o aquellas otras para las que fuera autorizado por la dirección del Centro.
5. Conoce y acepta el Protocolo mediante el que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar y proteger el derecho a la intimidad del paciente por los alumnos relacionados con las Ciencias de la Salud.
6. Está enterado de que es responsable personal de acatar el deber de confidencialidad y de que su incumplimiento puede tener consecuencias penales, disciplinarias o incluso civiles.

Por todo ello se compromete a que su conducta en el Centro Sanitario se adecue a lo previsto en los apartados anteriores de esta declaración responsable, que se suscribe por duplicado,

En, a de de

Fdo.:

- Ejemplar interesado Ejemplar Centro Sanitario